



2.2.- Relacións laborais e formación

 Ao longo do presente capítulo analízanse os datos referidos á evolución das relacións laborais, á seguridade e saúde no traballo e ás políticas de formación para o emprego en Galicia no ano 2014.

Relacións laborais

As relacións laborais no ano 2014 seguen directamente determinadas pola aplicación da reforma laboral e do emprego aprobada no ano 2012, e limitadas polos obxectivos e as políticas de estabilidade orzamentaria consecuencia da crise económica.

Os dous indicadores fundamentais da evolución das relacións laborais son os relativos á negociación colectiva e á conflitividade laboral, destacando novamente no ano 2014, o descenso do número de procedementos de regulación de emprego e dos traballadores afectados polos mesmos, así como a redución dos traballadores afectados polas folgas e o número de xornadas non traballadas.

• Negociación colectiva

O número de convenios colectivos –vixentes ou prorrogados tacitamente– existentes en Galicia a 31 de decembro de 2014 ascendeu ata os 869, nove máis que no ano anterior, que afectan a 425.035 persoas. O 89,1% destes acordos laborais (774 convenios) corresponde a convenios de empresa.

Os convenios colectivos asinados no último ano ascenderon a 144 e afectaron a un total de 49.218 traballadores, case dous centos mil menos que no ano 2013. Asemade, revisáronse un total de 15 convenios colectivos que afectan a 3.054 persoas traballadoras (6.287 persoas no ano anterior) (**cadro 2.2.2.**).

En 2014 negociáronse por primeira vez un total de 35 convenios, todos eles convenios de empresa, dos que 16 foron asinados na provincia de A Coruña e 11 en Pontevedra. En Lugo e Ourense asináronse cinco e un



Convenios colectivos existentes 2013-14 ⁽¹⁾

2013						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	860	63	285	101	88	323
Sector	122	17	30	23	20	32
Empresa	738	46	255	78	68	291

2014						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	869	65	302	106	89	334
Sector	122	17	30	23	20	32
Empresa	774	48	272	86	69	302

(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén acordos reguladores

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.2.1.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2013-14

2013								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores
Total	231	249.557	195	242.672	13	6.287	23	598
Sector	44	230.964	41	225.282	3	5.682	-	-
Empresa	187	18.593	154	17.390	10	605	23	598

2014								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores
Total	194	53.371	144	49.218	15	3.054	35	1.099
Sector	18	40.744	15	39.488	3	1.256	-	-
Empresa	176	12.627	129	9.730	12	1.798	35	1.099

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.2.2.

convenios, respectivamente, tendo outros dous un ámbito de aplicación autonómico ou interprovincial. Xunto ao incremento no número total de convenios negociados por primeira vez, aumenta tamén o número de traballadores afectados ata as 1.099 persoas traballadoras, 501 máis que no ano anterior.

O 80% dos convenios de sector asinados en 2014 recollen "pacto de ultraactividade" e nos convenios de empresa, a porcentaxe que o recollen é do 71,3%.

O 7,5% dos convenios colectivos existentes no último ano teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial. Nos convenios de

sector existentes en 2014 con vixencia expresa en 2014, a provincia de Pontevedra é a que concentra o maior número, con 32 (o 26,2%), seguida pola provincia de A Coruña, co 24,6% dos convenios existentes en Galicia no ano 2014 (30 convenios de sector).

Os 18 convenios de sector asinados e revisados afectaron en 2014 a 40.744 persoas traballadoras, o que significa que o 9,3% dos convenios afectan ao 76,6% dos traballadores. Os 176 convenios de empresa afectan ao 23,4% dos traballadores.

O incremento salarial medio pactado nos





**Xornada media pactada na negociación colectiva 2013-14:
distribución segundo sector económico**

	2013	2014
	(en horas / ano)	
Total	1.767,50	1.766,60
Agricultura e pesca (1)		
Industria	1.769,47	1.750,61
Construción	1.736,52	1.752,60
Servizos	1.787,85	1.798,70

(1) non se asinaron convenios neste sector
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

■ 2.2.3.

159 convenios asinados ou revisados en 2014 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi do 0,52%, o máis baixo do que se ten rexistro no Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL). Este incremento é superior ao IPC galego e ao estatal, ambos do -1%.

O CGRL reflicte que o 11,8% dos convenios asinados e o 40% dos revisados teñen cláusulas de revisión salarial. Tendo en conta o número de persoas traballadoras ás que afectan estas cláusulas, as porcentaxes son do 16,5% nos convenios asinados e do 51,7% nos revisados.

A xornada media pactada en Galicia –tense en conta só os convenios que a regulan de xeito anual– descende ata as 1.766,6 horas/ano, o que supón unha redución de unha hora/ano en relación ao ano anterior. Como ven acontecendo en anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos de sectores (1.730,7 horas fronte a 1.775,9 horas, respectivamente). A nivel sectorial, o **cadro 2.2.3.** indica que no sector agrario non se asinaron convenios no ano 2014, situándose novamente o sector servizos como o sector con maior xornada media pactada, con 1.798,7 horas, por diante da construción e da indus-

tria, con 1.752,6 e 1.750,6 horas, respectivamente.

Comparada co resto das Comunidades Autónomas, a Enquisa trimestral do custo laboral reflicte que Galicia se sitúa como a segunda Comunidade con maior número de horas pactadas por traballador no ano 2014, con 152,8 horas pactadas por traballador e mes, só por detrás de Madrid (153,8 horas/traballador/mes) (**cadro 2.2.4.**).

Un último aspecto a ter en conta á hora de analizar os convenios colectivos é a súa inaplicación. Segundo os datos do CGRL no ano 2014 rexistráronse un total de 194 inaplicacións que afectaron a 2.771 traballadores, dos que no sector servizos rexistráronse 148 e 33 na industria, afectando a 2.084 traballadores e 617 traballadores, respectivamente. Como amosa o **cadro 2.2.5.**, máis da metade das inaplicacións de convenios rexistradas prodúcense nas empresas de cinco ou menos traballadores e un 36% en empresas de seis a trinta traballadores.

No concernente á regulación de emprego, despois do forte incremento experimentado nos anos 2011 e 2012 no número de traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego, o ano 2013 mostraba unha importante redución, manténdose a tendencia no 2014, ano no que o número de traballadores afectados polos ditos expe-



Tempo traballado nas CC.AA. 2008-14 ⁽¹⁾: distribución segundo sector

	2008				2014			
	Total (2)	Industria	Construción	Servizos	Total (2)	Industria	Construción	Servizos
(en horas pactadas/traballador/mes)								
Andalucía	154,8	164,8	166,9	150,3	146,6	161,6	163,0	143,4
Aragón	156,4	165,6	165,9	151,1	148,5	164,2	162,2	142,9
Asturias	154,4	164,1	166,5	149,3	147,4	160,0	163,2	143,1
Baleares	155,2	162,9	165,0	152,7	150,9	160,6	161,8	149,2
Canarias	160,2	167,1	168,8	158,1	148,6	163,5	163,2	146,8
Cantabria	155,8	163,8	168,0	150,7	149,8	164,0	166,5	144,8
Castela-A Mancha	157,3	166,3	169,4	151,1	150,2	162,6	160,5	146,0
Castela e León	153,3	165,7	168,6	146,8	147,3	163,3	162,1	142,2
Cataluña	156,4	165,5	165,5	152,4	149,9	165,4	161,4	145,8
C. Valenciana	157,3	164,9	165,2	153,2	147,4	162,4	162,3	142,7
Extremadura	156,6	165,9	167,2	152,8	145,0	159,7	159,8	141,9
Galicia	156,4	165,6	168,4	151,1	152,8	163,8	167,3	148,7
Madrid	158,1	165,1	167,3	155,9	153,8	164,4	166,2	152,1
Murcia	154,6	166,0	167,2	148,5	149,6	160,5	162,5	146,1
Navarra	151,7	161,9	163,6	144,1	148,7	161,9	161,6	141,8
País Vasco	151,5	158,7	163,2	147,1	148,0	160,5	161,8	143,2
A Rioxa	153,7	168,1	167,4	144,0	149,7	163,5	165,5	143,1
Total	156,1	164,7	166,7	152,2	149,6	163,1	163,2	146,2

(1) media dos 4 trimestres do ano

(2) seccións B-S da CNAE-2009

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

2.2.4.

Inaplicacións rexistradas de convenios 2013-14 ⁽¹⁾

	2013				2014											
	Total		Total		C.A. / Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra			
	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.		
Total	180	4.166	194	2.771	7	586	89	1.003	12	182	17	142	69	858		
agricultura	3	43	-	-												
industria	37	1.875	33	617			14	201	2	19	1	20	16	377		
construción	10	59	13	70			6	20			1	31	6	19		
servizos	130	2.189	148	2.084	7	586	69	782	10	163	15	91	47	462		
número de traballadores																
0-5	89		99				45		8		11		35			
6-30	67		70				36		2		4		28			
31-49	7		13		4		5				2		2			
50-100	5		9		2		2		2				3			
101-250	8		2				1						1			
251-500	4		1		1											
máis de 500	-		-													

(1) estas inaplicacións corresponden tan só a aqueles convenios de ámbito de comunidade autónoma ou provincial

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

2.2.5.





Traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego autorizados nas CC.AA. 2013-14

	Total		Despidos colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014	2013	2014
Andalucía	26.107	14.032	7.025	3.396	10.330	5.047	8.752	5.589
Aragón	24.730	8.230	2.554	1.603	19.833	5.638	2.343	989
Asturias	19.194	6.984	2.566	722	13.816	5.037	2.812	1.225
Baleares	3.286	1.681	913	444	1.245	910	1.128	327
Canarias	8.583	2.650	2.227	1.009	4.247	1.184	2.109	457
Cantabria	10.908	3.503	1.219	237	7.987	2.671	1.702	595
Castela-A Mancha	10.901	4.315	1.978	876	5.785	1.997	3.138	1.442
Castela e León	30.104	14.847	3.642	1.529	21.471	11.067	4.991	2.251
Cataluña	68.287	23.975	12.847	6.294	44.792	13.613	10.648	4.068
C. Valenciana	36.838	18.047	5.631	2.685	22.063	11.880	9.144	3.482
Extremadura	4.722	1.681	992	541	1.352	513	2.378	627
Galicia	22.960	12.877	3.452	1.499	13.760	8.878	5.748	2.500
Madrid	50.954	18.501	18.797	10.278	21.337	5.164	10.820	3.059
Murcia	3.776	1.375	1.117	406	1.224	410	1.435	559
Navarra	12.309	5.799	1.554	395	9.466	4.775	1.289	629
País Vasco	42.449	17.854	3.278	2.150	32.787	12.401	6.384	3.303
A Ríoxa	3.679	1.441	487	194	2.597	994	595	253
Ceuta e Melilla	185	53	72	19	24	14	89	20
Total	379.972	157.845	70.351	34.277	234.116	92.193	75.505	31.375

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Estadística de regulación de empleo*

2.2.6.

Procedementos de regulación de emprego 2013-14 ⁽¹⁾

	Pactados			Non pactados			Sen período de consultas		
	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13
Galicia	1.742	891	-48,9	87	42	-51,7	88	51	-42,0
A Coruña	548	293	-46,5	34	16	-52,9	22	15	-31,8
Lugo	172	83	-51,7	5	5	0,0	-	3	-
Ourense	157	65	-58,6	4	3	-25,0	-	4	-
Pontevedra	828	437	-47,2	36	17	-52,8	66	29	-56,1
Autónómicos	37	13	-64,9	8	1	-87,5	-	-	-

(1) Pactados: aqueles expedientes nos que se acadou un acordo no período de consultas entre empresa e a representación dos traballadores; Non pactados: aqueles nos que non se acadou un acordo no período de consultas entre a empresa e a representación dos traballadores; Sen período de consultas: aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar, *Estadísticas de expedientes de regulación de emprego*

2.2.7.

dientes foi de 12.877, un 43,9% menos que no 2013. Do total de traballadores afectados, 8.878 (o 69%) sufriron unha suspensión do emprego e 2.500 traballadores (o 19,4%), unha redución de xornada (**cadro 2.2.6.**).

Os datos facilitados pola Consellería de Traballo e Benestar indican que o número de expedientes de regulación de emprego no ano 2014 descendeu en Galicia un 49% respecto ao ano anterior, acadando os 984 procedementos, 933 menos que en 2013. No

último ano descende o número de expedientes pactados e non pactados, así como os procedementos sen período de consultas, que son aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

A provincia de Pontevedra, a pesar do descenso do 48%, foi a que presentou o maior número de expedientes, con 483, seguida de A Coruña con 324 (46% menos que no ano anterior). Todas as provincias presentan



Folgas nas CC.AA. 2013-14

	2013		2014	
	traballadores participantes	xornadas non traballadas	traballadores participantes	xornadas non traballadas
Andalucía	17.333	44.479	27.163	52.793
Aragón	17.541	46.450	7.636	12.090
Asturias	16.136	22.982	4.671	17.689
Baleares	6.431	49.978	2.749	4.035
Canarias	3.745	9.852	2.598	8.799
Cantabria	7.175	9.311	961	2.378
Castela-A Mancha	6.675	6.881	3.386	2.854
Castela e León	15.026	11.040	5.228	7.854
Cataluña	159.944	350.767	73.747	271.679
C. Valenciana	20.388	30.110	17.747	25.905
Extremadura	4.852	5.625	1.593	2.520
Galicia	44.415	67.065	24.653	50.688
Madrid	61.326	228.583	23.907	84.182
Murcia	5.172	25.056	2.020	9.526
Navarra	24.262	48.753	2.977	12.269
País Vasco	36.782	139.472	15.375	54.655
A Ríoxa	608	1.911	358	376
Ceuta e Melilla	213	165	278	276
Total	448.024	1.098.480	217.047	620.568

(1) o total de folgas non coincide coa suma das CC.AA. porque a cada provincia se lle asigna, ademais das folgas do seu propio ámbito territorial, as folgas de ámbito autonómico e estatal.

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Estadística de huelgas y cierres patronales*

2.2.8.

unha diminución do número de procedementos de regulación do emprego (**cadro 2.2.7.**).

● Conflitividade laboral

Os datos proporcionados polo Ministerio de Empleo e Seguridade Social recollen o brusco descenso no número de traballadores participantes nas folgas e das xornadas non traballadas. En concreto, reduciuse á metade o número total de participantes e caeu case un 25% o número de xornadas non traballadas. No conxunto do Estado o número de traballadores afectados tamén se reduciu á metade e as xornadas non traballadas baixaron nun 44% (**cadro 2.2.8.**).

O número de traballadores participantes en folgas situouse na Comunidade Autónoma nas 24.653 persoas e o das xornadas non traballadas, nas 50.688. Por Comunidades Autónomas, Galicia é a terceira Comunidade cunha maior incidencia de traballadores par-

ticipantes, tras Cataluña e Andalucía, e a quinta no cómputo de xornadas non traballadas superada por Cataluña, Madrid, o País Vasco e Andalucía.

Seguridade e saúde no traballo

Tal como se desprende de distintos estudos no ámbito europeo, que analizan os efectos da crise económica e o seu impacto nas condicións laborais, a diminución da actividade económica e a perda de emprego asociada, así como o mantemento do emprego das persoas máis experimentadas, están directamente relacionados coa diminución dos accidentes laborais.

Galicia reflectía esta dinámica desde o ano 2008, pero en 2014 rómpese a tendencia de diminución na incidencia dos accidentes laborais, situándose o número total de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral nos 23.220, un 3,8% máis que no ano anterior.





Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2013-14: distribución segundo a gravidade e sector económico

	Totais			Leves			Graves			Mortais		
	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)
Total	22.370	23.220	3,8	21.904	22.731	3,8	418	430	2,9	48	59	22,9
A Coruña	10.042	10.807	7,6	9.843	10.608	7,8	182	175	-3,8	17	24	41,2
Lugo	2.372	2.641	11,3	2.295	2.550	11,1	69	82	18,8	8	9	12,5
Ourense	2.451	2.524	3,0	2.398	2.478	3,3	47	42	-10,6	6	4	-33,3
Pontevedra	7.505	7.248	-3,4	7.368	7.095	-3,7	120	131	9,2	17	22	29,4
Sectores												
Agricultura	1.214	1.211	-0,2	1.142	1.145	0,3	68	62	-8,8	4	4	0,0
Pesca	1.133	1.197	5,6	1.068	1.122	5,1	58	55	-5,2	7	20	185,7
Industria	6.391	6.381	-0,2	6.297	6.289	-0,1	88	82	-6,8	6	10	66,7
Construción	2.784	2.943	5,7	2.717	2.850	4,9	57	84	47,4	10	9	-10,0
Servizos	10.844	11.482	5,9	10.677	11.320	6,0	147	146	-0,7	20	16	-20,0
Outros CNAE93	4	6	50,0	3	5	66,7	-	-	-	-	-	-

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística de siniestralidade laboral*

2.2.9.

A provincia de Pontevedra é a única onde descende o número total de accidentes, cun 3,4% menos que no ano 2013, o que supón 257 accidentes con baixa en xornada de traballo menos que os rexistrados no ano anterior. As tres provincias restantes incrementan o número de accidentes. Así, a provincia de A Coruña, con 10.807 accidentes con baixa laboral, é a que rexistra un maior número de accidentes no ano 2014, un 7,6% máis que no ano anterior, Lugo acada os 2.641 accidentes, un 11,3% máis e Ourense 2.524 accidentes, un 3% máis que en 2013.

O incremento no número de accidentes rexistrouse tanto no caso dos accidentes leves e graves, como nos mortais. Neste senso, os accidentes leves aumentaron en Galicia un 3,8%, os graves fixérono nun 2,9% e os accidentes mortais creceron un 23%.

O incremento no número de persoas que no ano 2014 sufriron un accidente laboral con resultado de morte débese, fundamentalmente, aos accidentes acaecidos no sector pesqueiro. Neste sector de actividade producíronse no 2014 cinco accidentes –dous por afogamentos e sepultamentos e tres por choques ou golpes contra obxectos en movemento–, que tiveron como consecuencia 20 persoas falecidas, 13 máis que no exercicio anterior.

A distribución do número de accidentes e a súa gravidade por sectores foi dispar. O sector servizos segue sendo o que experimenta o maior número de accidentes laborais con baixa, con 11.482 accidentes (o 49,4% dos accidentes con baixa en xornada de traballo en Galicia), seguido polo sector industrial, que rexistrou 6.381 accidentes (o 27,5%), e a construción, con 2.943 accidentes (o 12,7% dos accidentes en Galicia).

O incremento da incidencia dos accidentes laborais está en relación co aumento da actividade. Así, os datos do **cadro 2.2.9.** reflicten un aumento do número total de accidentes en todos os sectores económicos, agás na agricultura e na industria. O sector servizos é o que experimenta un maior aumento, un 5,9% de accidentes máis que no ano anterior (638 accidentes máis), seguido da construción e da pesca con máis do 5,5% de incremento no número de accidentes (159 e 64 accidentes máis respectivamente).

Os accidentes leves no ano 2014 aumentaron ata os 22.731, dos que o 49,8% acontecen no sector servizos. O único sector no que se reducen os accidentes leves no ano 2014 foi na industria, cun 0,1% menos (8 accidentes menos).



Índices de incidencia dos accidentes de traballo nas CC.AA. 2013-14 ⁽¹⁾

	Accidentes con baixa		Accidentes mortais	
	2013	2014 (2)	2013	2014 (2)
Andalucía	3.359	3.425	3,1	3,6
Aragón	2.695	2.713	4,4	3,2
Asturias	3.522	3.647	7,7	4,9
Baleares	4.070	4.331	1,2	0,6
Canarias	3.416	3.574	4,2	3,8
Cantabria	2.658	2.818	3,1	4,9
Castela-A Mancha	3.525	3.655	5,1	3,0
Castela e León	2.783	2.922	6,1	4,7
Cataluña	2.992	2.987	2,1	2,1
C. Valenciana	2.723	2.709	2,5	3,1
Extremadura	3.084	3.387	4,6	5,3
Galicia	2.957	3.002	5,7	7,6
Madrid	2.575	2.569	2,3	2,0
Murcia	2.973	3.078	4,3	3,7
Navarra	2.877	3.051	4,8	5,7
País Vasco	3.244	3.174	3,6	3,2
A Rioxa	2.968	3.040	2,2	9,6
Ceuta	2.936	3.442	-	5,8
Melilla	2.920	2.934	-	-
Total	3.009	3.058	3,3	3,3

(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

(2) datos 2014 son provisionais

Fuente: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

2.2.10.

No que atinxe aos accidentes graves, no último ano rexistráronse 430, 12 máis que en 2013, dos que máis do 34% acontecen no sector servizos. En todos os sectores, agás na construción, diminúe o número de accidentados graves. Na construción aumentan nun 47,4%, o que supón que o ano 2014 sofren un accidente grave no sector 27 persoas máis que no ano anterior.

Como se cita con anterioridade, resulta moi significativo o forte incremento no número de accidentados con resultado de morte, en especial no sector pesqueiro, que pasa de 7 a 20 falecidos entre os anos 2013 e 2014. Tamén se incrementan no sector industrial, con 10 falecidos no ano 2014 (6 no ano anterior). A construción e os servizos reducen nun 10% e 20%, respectivamente, o número de persoas que sofren un accidente con este resultado.

O índice de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona o número total de acci-

dentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, acadou en Galicia os 3.002 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, cifra lixeiramente inferior á media estatal. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, o **cadro 2.2.10.** reflicte que Galicia, tras un aumento do 1,5% no número de accidentes con baixa laboral, sitúase como a sétima Comunidade co menor índice, por diante de Aragón, Cantabria, Castela e León, Cataluña, C. Valenciana e Madrid.

Segundo os datos do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, no ano 2014, A Coruña pasa a ser a provincia co índice de incidencia de accidentes máis elevado, con 3.306,6 accidentes por cada cen mil afiliacións, fronte aos 3.273,2 accidentes de Ourense e os 2.882,1 e 2.804,4 accidentes por cada cen mil afiliacións en Lugo e Pontevedra, respectivamente.





Índices de incidencia dos accidentes de traballo con baixa 2013-14: distribución segundo sector

2013

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	2.972,9	3.082,7	2.588,9	3.176,4	2.909,7
Agricultura	3.465,5	3.709,4	3.128,6	3.601,4	3.534,6
Pesca	5.739,3	9.612,9	8.083,3	-	3.771,1
Industria	5.282,3	5.292,1	3.769,1	6.120,8	5.383,8
Construción	5.625,0	5.661,7	5.166,4	6.398,9	5.435,1
Servizos	2.057,4	2.203,8	1.869,5	2.075,2	1.919,2

2014

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	3.079,5	3.306,6	2.882,1	3.273,2	2.804,4
Agricultura	3.545,4	3.659,2	3.532,5	3.709,0	3.243,2
Pesca	6.212,1	10.847,8	6.328,3	-	4.172,7
Industria	5.377,6	5.680,1	4.307,2	5.951,5	5.171,3
Construción	6.056,6	6.389,6	6.476,0	7.639,8	4.669,2
Servizos	2.153,6	2.365,8	2.072,9	2.130,9	1.902,1

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística de siniestralidade laboral*

2.2.11.

O índice de incidencia dos accidentes de traballo aumenta en todos os sectores de actividade en Galicia, máis as xa citadas especiais circunstancias acaecidas no sector da pesca no ano 2014 provocan que sexa o sector pesqueiro o que reflicte un maior índice de incidencia, con 6.212,1 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. No último ano a construción tamén aumenta o seu índice, acadando 6.056,6 accidentes por cada cen mil afiliacións, e a industria acada os 5.377,6. Os índices máis baixos rexistráronse nos servizos e na agricultura, con 2.153,6 e 3.545,4 accidentes.

No caso dos accidentes mortais, Galicia rexistrou un total de 7,6 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. Galicia, despois do forte incremento experimentado (5,7 accidentes en 2013), presenta o segundo índice máis elevado, por detrás A Ríoxa (9,6), sendo a rateo acadada no conxunto do Estado de 3,3 accidentes.

No que respecta ás baixas laborais deriva-

das de incapacidade temporal por continxencias comúns e profesionais, os **cadros 2.2.12. e 2.2.13.** mostran como o número medio de procesos iniciados no ano 2014 é superior aos iniciados no ano anterior tanto no caso de baixas por continxencias profesionais, como no de continxencias comúns. Así mesmo, aumenta a incidencia media por cada mil traballadores protexidos en continxencias profesionais e comúns.

A duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns pasa de 57,44 días no ano 2013 a 58,48 días no último ano. Tras este aumento, Galicia se sitúa como a segunda Comunidade Autónoma coa maior duración media dos procesos con alta no período, tras Estremadura. No conxunto do Estado a duración media das nomeadas baixas é de 37,51 días, en torno aos 21 días menos que en Galicia.

De xeito contrario, diminúe a duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais, pasando de 46,42 días no ano 2013 a 45,60 días en 2014. Galicia continúa como a Comunidade Autónoma con dura-



Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2013-14: continxencias comúns

	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio mensual de procesos iniciados	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
	(en días / ano)		(%)			
Andalucía	40,66	42,01	14,90	14,97	35.350	35.591
Aragón	33,36	35,80	18,56	19,72	7.878	8.348
Asturias	47,03	50,21	15,61	16,05	4.616	4.644
Baleares	31,48	34,21	19,43	19,63	6.793	6.957
Canarias	34,01	37,52	19,88	20,28	12.029	12.351
Cantabria	42,23	42,85	17,82	19,39	3.042	3.268
Castela-A Mancha	45,12	44,54	13,87	15,39	7.172	7.779
Castela e León	43,95	45,31	14,06	14,62	9.813	10.029
Cataluña	28,86	29,62	24,19	25,02	61.575	63.707
C. Valenciana	48,83	50,45	12,93	13,00	17.423	17.552
Extremadura	57,62	58,91	10,13	10,70	3.096	3.253
Galicia	57,44	58,48	13,78	14,27	10.807	10.977
A Coruña	54,38	56,61	14,43	14,81	4.917	4.969
Lugo	66,74	67,00	11,30	12,02	984	1.028
Ourense	53,89	57,16	12,98	13,48	1.024	1.041
Pontevedra	59,90	58,99	13,99	14,53	3.882	3.938
Madrid	29,44	31,96	19,96	20,32	49.406	50.161
Murcia	46,32	47,55	16,22	16,31	6.924	6.995
Navarra	24,25	24,15	31,31	33,58	6.833	7.243
País Vasco	34,77	35,79	22,89	23,89	17.247	17.835
A Ríoxa	33,88	33,14	17,74	19,07	1.725	1.852
Ceuta	35,07	44,26	15,48	15,39	280	278
Melilla	30,86	35,25	19,26	19,37	338	338
Total	36,06	37,51	18,19	18,72	262.345	269.158

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social, *Incapacidad temporal*

2.2.12.

Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2013-14: continxencias profesionais

	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio mensual de procesos iniciados	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
	(en días / ano)		(%)			
Andalucía	32,62	33,18	3,38	3,53	6.870	7.384
Aragón	37,19	38,38	2,79	2,85	1.161	1.200
Asturias	43,00	43,94	3,44	3,60	990	1.033
Baleares	29,21	30,66	4,10	4,43	1.368	1.520
Canarias	32,80	33,12	3,39	3,57	1.959	2.116
Cantabria	40,90	45,36	2,73	2,95	445	485
Castela-A Mancha	34,72	34,24	3,38	3,56	1.676	1.788
Castela e León	38,76	38,56	2,74	2,91	1.873	2.004
Cataluña	32,89	33,37	3,15	3,31	7.640	8.146
C. Valenciana	38,43	38,44	2,74	2,77	3.542	3.668
Extremadura	37,49	38,66	2,96	3,25	775	868
Galicia	46,42	45,60	3,03	3,21	2.321	2.458
A Coruña	45,70	45,55	3,03	3,18	1.015	1.070
Lugo	58,58	57,30	2,56	2,72	240	254
Ourense	41,43	44,37	3,04	3,14	238	244
Pontevedra	45,19	42,72	3,20	3,45	828	890
Madrid	29,76	30,06	2,60	2,66	6.314	6.542
Murcia	35,21	35,07	3,01	3,11	1.212	1.290
Navarra	30,21	32,61	3,10	3,24	645	680
País Vasco	32,19	32,66	3,39	3,43	2.503	2.542
A Ríoxa	35,81	34,51	2,99	3,17	290	314
Ceuta	40,58	40,94	3,03	3,50	53	61
Melilla	38,11	32,43	3,11	3,33	52	56
Total	34,36	34,75	3,06	3,18	41.690	44.155

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social

2.2.13.





Enfermedades profesionales 2014: distribución segundo sexo e sectores de actividade ⁽¹⁾

Homes					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
Total	9	22	325	79	119
Grupo I	-	-	10	6	7
Grupo II	6	20	231	56	91
Grupo III	1	-	2	-	11
Grupo IV	1	1	72	10	3
Grupo V	-	1	10	6	7
Grupo VI	1	-	-	1	-

Mulleres					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
Total	6	1	174	2	387
Grupo I	-	-	2	-	5
Grupo II	2	1	158	2	275
Grupo III	-	-	2	-	52
Grupo IV	3	-	10	-	5
Grupo V	1	-	2	-	50
Grupo VI	-	-	-	-	-

(1) Grupo I: Enfermedade profesional causada por axentes químicos
 Grupo II: Enfermedade profesional causada por axentes físicos
 Grupo III: Enfermedade profesional causada por axentes biolóxicos
 Grupo IV: Enfermedade profesional causada por inhalación de sustancias e axentes non comprendidos noutros apartados
 Grupo V: Enfermedade profesional da pel causada por sustancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados
 Grupo VI: Enfermedade profesional causada por axentes carcinógenos
 Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística das enfermidades profesionais*

2.2.14.

ción media dos procesos con alta no período máis elevada, superando á media estatal en 10,8 días.

O sistema español atende ás **enfermedades profesionais** dende 3 puntos de vista normativos e institucionais distintos: a normativa de prevención de riscos laborais, en canto ao coidado e prevención; a normativa sanitaria, en canto ao diagnóstico, asistencia e tratamento; e a normativa da seguridade social en canto á indemnización ou protección económica. Este último punto de vista é o que proporciona a definición legal de enfermidade profesional, considerada como a contraída a consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e que veña provocada pola acción dos elementos ou substancias que en dito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional.

O **cadro 2.2.14.** mostra as enfermidades profesionais por grupos e sectores de actividade no ano 2014 en Galicia. Así, dun total de 1.124 casos rexistrados, 588 cursaron baixa laboral, sendo o sector servizos, con 506, seguido do sector industrial, con 499, as ramas de actividade onde máis casos se rexistran.

Políticas de formación para o emprego

Os preocupantes problemas estruturais do desemprego derivan na necesidade de actuar no ámbito da formación para favorecer a empregabilidade e dinamizar o mercado de traballo. Neste senso, en setembro de 2014, o Consello de Ministros aproba a Estratexia de Activación para o Emprego 2014-2016, deseñada en coordinación coas Comunidades Autónomas e que pretende acelerar a transición do desemprego ao emprego. O elemento máis novidoso da dita



Accións formativas para o emprego 2014 ⁽¹⁾

	Accións formativas	Alumnos	Orzamentos
			(en millóns de euros)
Total	1.050		37,1
Dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas	571	8.559	31,0
Programación de convenios de colaboración	39	587	1,4
Programación provincial con compromiso	28	412	0,6
Programas sen compromiso de contratación (ordinaria)			
Programación pluriprovincial	123	1.845	8,0
Programación provincial	381	5.715	21,0
A Coruña	164	2.460	9,6
Lugo	95	1.425	5,0
Ourense	114	1.710	6,4
Pontevedra	131	1.965	8,0
Dirixidas prioritariamente a persoas ocupadas	479		6,1
Plans de formación intersectoriais	366		5,0
Plans específicos	113		1,1
A Coruña			
Lugo			
Ourense			
Pontevedra			

(1) formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente a persoas desempregadas e ocupadas

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.2.15.

Estratexia é a orientación das políticas en función dos resultados, de xeito que a distribución dos fondos está condicionada á avaliación dos resultados. A Estratexia persegue mellorar a empregabilidade dos mozos e doutros colectivos especialmente afectados polo desemprego; mellorar a calidade da formación para o emprego; mellorar a vinculación entre políticas activas e pasivas de emprego e impulsar o emprendemento. Estes obxectivos se concretan nos Plans Anuais de cada ano. En concreto, o Plan Anual de Emprego para 2014 artella os seus programas en torno a seis eixes: orientación; formación; oportunidades de emprego; igualdade de oportunidades de acceso ao emprego; emprendemento e mellora do Marco Institucional do Sistema Nacional de Emprego. O total de fondos repartidos en 2014 ascende a 1.252 millóns de euros, dos que 101 correspóndenlle a Galicia, dos que o 40% están condicionados aos resultados obtidos.

En relación ás políticas de formación para o

emprego, existe a vontade de que a transformación do modelo de formación profesional para o emprego, estea operativa a partir de xaneiro de 2015, así como de acadar unha formación efectiva que contribúa á competitividade das empresas.

As medidas encamiñadas a acadar unha maior formación para o emprego aséntanse en tres piares: en primeiro lugar, os programas dirixidos a mellorar a inserción e reinserción laboral dos traballadores desempregados instrumentáanse a través dos programas de cooperación, dos programas mixtos de formación e emprego, ou mediante as medidas de apoio á contratación aos emprendedores e ao traballo autónomo.

O segundo pilar das políticas activas de emprego é a Formación Profesional para o emprego, que engloba ás antigas formación ocupacional e continua, centrada no ámbito laboral e dirixida aos traballadores desempregados e ocupados.





Cursos do Plan AFD 2014 sen compromiso de contratación: distribución sectorial

	Cursos	Alumnos	Orzamentos
			(en miles de euros)
Total	504	7.560	29.029.723,64
Actividades Físicas e Deportivas	2	30	62.640,57
Administración e Xestión	173	2.595	10.936.972,15
Agraria	10	150	490.780,96
Artes Gráficas	2	30	51.292,50
Comercio e Marketing	33	495	2.143.639,08
Edificación e Obra Civil	10	150	593.174,91
Electricidade e Electrónica	8	120	714.301,08
Enerxía e Auga	13	195	928.927,30
Fabricación Mecánica	7	105	636.696,04
Hostalería e Turismo	45	675	2.337.337,82
Imaxe Persoal	3	45	181.855,74
Imaxe e Son	3	45	190.575,15
Industrias Alimentarias	3	45	149.338,59
Industrias Extractivas	1	15	79.577,18
Informática e Comunicacions	34	510	2.368.190,55
Instalación e Mantemento	2	30	112.498,50
Madeira Moble e Corcho	10	150	552.822,28
Sanidade	8	120	401.685,22
Seguridade e Medio	5	75	228.141,75
Servizos Socioculturais e á Comunidade	103	1.545	4.576.617,57
Transporte e Mantemento de Vehículos	29	435	1.292.658,70

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.2.16.

Finalmente, o Servizo Público de Emprego debe incidir nas políticas activas de emprego, axudando ao traballador a atopar ocupación.

Formación profesional para o emprego

O sistema de formación profesional comprende o conxunto de ensinanzas que capacitan para o desenvolvemento de profesións. Existen tres tipos de oferta de formación profesional: regradada, ocupacional e continua.

A formación profesional regradada ofrece unha especialización e coñecemento práctico respecto ao mundo laboral; organízase en ciclos formativos de grao medio e superior.

A formación profesional ocupacional é a oferta formativa non regradada dirixida a desempregados principalmente, realizada con entidades colaboradoras.

A formación profesional continúa é a formación non regradada dirixida á poboación que

xa exerce unha actividade no mundo laboral.

A convocatoria para o ano 2014 prevé un total de 1.050 cursos de formación cun orzamento de 37,1 millóns de euros. Comparado co ano anterior, rexístrase novamente unha importante caída do número de accións formativas e sobre todo, do orzamento dedicado a estas accións, concentrándose case todo o descenso nas accións dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (571 accións e 31 millóns de euros).

No que atinxe á formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas (AFD), que é unha política activa de emprego que ofrece cursos de formación gratuítos para persoas traballadoras desempregadas co obxecto de dotalos de cualificación e facilitar a súa integración no mercado laboral, no último ano programáronse un total de 571 accións, cun orzamento total de 31 millóns de euros, aos que asistiron 8.559 persoas.



Cursos do Plan AFD 2014 con compromiso de contratación: distribución provincial e sectorial

	Cursos	Alumnos	Orzamentos
	(en miles de euros)		
Total	28	412	552,4
A Coruña			
Lugo	1	10	11,4
Ourense	9	135	326,2
Pontevedra	18	267	214,8
Distribución sectorial			
Administración e Xestión	1	15	66,3
Fabricación Mecánica	6	101	214,3
Hostalaría e turismo	1	10	17,1
Industrias alimentarias	2	21	43,7
Informática e comunicacións	1	15	70,1
Servizos Socioculturais e á Comunidade	1	10	11,5
Transporte e Mantemento de Vehículos	16	240	129,4

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

2.2.17.

Cursos do Plan AFD 2014 en centros propios: distribución provincial e sectorial

	Cursos	Alumnos	Orzamentos
	(en euros)		
Total			
A Coruña	79	1.185	3.831.025
Lugo	32	480	1.766.417
Ourense	46	690	2.279.091
Pontevedra	89	1.519	2.462.146
Distribución sectorial			
Administración e Xestión	4	60	247.086,2
Agraria	18	270	670.261,2
Artes gráficas	1	15	37.527,7
Comercio e Marketing	4	60	202.957,7
Edificación e Obra Civil	5	75	271.223,3
Electricidade e Electrónica	16	240	939.010,8
Energía e Auga	9	135	676.997,9
Fabricación Mecánica	19	285	1.280.675,9
Hostelería e Turismo	17	255	701.926,9
Imaxe Persoal	5	75	147.149,6
Industrias Alimentarias	4	60	201.851,8
Industrias Extractivas	1	15	94.000,7
Informática e Comunicacións	11	165	657.667,9
Instalación e Mantemento	22	330	1.337.128,2
Madeira, Moble e Corcho	16	240	531.752,7
Marítimo Pesqueira	48	904	236.641,5
Sanidade	1	15	61.609,4
Seguridade e Medio	3	45	161.115,8
Servizos Socioculturais e á Comunidade	29	435	1.145.101,7
Transporte e Mantemento de Vehículos	13	195	736.992,3

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

2.2.18.





Plans de formación para persoas ocupadas 2013-14

	Entidades	Plans	Accións formativas	Orzamento
				(en millóns de euros)
Plans de formación específicos	29	29	127	1,35
Plans de formación intersectoriais	23	23	366	4,96
Autónomos	10	10	29	0,19
Intersectorial	7	7	318	4,61
Economía Social	6	6	19	0,16

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.2.19.

No que aos cursos AFD sen compromisos de contratación se refire, ao longo do ano 2014 programáronse un total de 504, asistindo un total de 7.560 alumnos. O orzamento total destes cursos ascendeu a 29 millóns de euros. Comparado co acontecido no exercicio anterior, no último ano volve a rexistrarse unha redución tanto no número de cursos e alumnos como no seu orzamento.

As principais accións formativas corresponden ás actividades de "Administración e xestión", con 173 accións e 2.595 alumnos, "Servizos Socioculturais e á Comunidade", con 103 cursos e 1.545 alumnos, e "Hostalería e Turismo", con 45 accións formativas e 675 alumnos. En conxunto, estas tres accións acollen en torno ao 60% dos cursos, alumnos e orzamento (**cadro 2.2.16.**).

Aos 28 cursos de formación con compromiso de contratación programados no exercicio 2014 asistiron un total de 412 alumnos, ascendendo o seu orzamento a 552 mil euros. No último ano impartíronse 37 accións formativas menos que en 2013, asistindo 512 persoas menos e cun orzamento que é a metade que no ano anterior. A nivel sectorial, destaca a importancia relativa do subsector "Transporte e mantemento de vehículos", que en 2014 acolleu 16 dos 28 cursos programados, case seis de cada dez alumnos (240) e o 23% do orzamento.

Con cargo ao orzamento do plan AFD impartíronse, na programación do ano 2014, un

total de 246 cursos de formación profesional para o emprego en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 10,3 millóns de euros, participando nestes cursos un total de 3.874 alumnos. Destacan os programados en A Coruña, aos que lle corresponde en torno ao 30% dos cursos e alumnos e o 37% do orzamento total. No último ano aumenta novamente o volume de recursos destinados así como o dos cursos e alumnos.

Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, dos datos do **cadro 2.2.18.** despréndese que as actividades máis importantes, en canto á súa dotación orzamentaria, son os de "Instalación e mantemento", "fabricación mecánica" e "servizos socioculturais e á comunidade", que concentran o 37% do orzamento total.

A finalidade da formación profesional dirixida prioritariamente a persoas ocupadas é dotar aos beneficiarios da cualificación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas axeitados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior competitividade coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador. Ao abeiro do plan de formación para persoas ocupadas 2013-2014, realizáronse 366 accións intersectoriais e 127 específicos nun total de 52 plans que acolleron outras tantas entidades. Os seus orzamentos para o último exercicio descendieron ata



Actuacións para o fomento do emprego e estabilidade laboral 2014: distribución segundo sexo e idade

Procedemento	Beneficiarios	Homes	Mulleres	< 30 anos	31-44 anos	> 45 anos
Fomento do emprego e da estabilidade laboral	3.177	1.618	1.559	1.559	1.073	545
Fomento da contratación indefinida	1.267	725	542	369	535	363
Fomento da transformación de contratos temporais en indefinidos	1.096	585	511	395	523	178
Fomento da contratación temporal	814	308	506	795	15	4
Fomento do autoemprego e do traballo autónomo	3.076	1.665	1.411	956	1.560	560
Promoción do emprego autónomo	2.591	1.395	1.196	852	1.271	468
Iniciativas emprendedoras e de emprego (IEBT+ILE e I+E+E)	465	270	195	101	274	90
Incentivos as persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias	20	0	20	3	15	2
Integración laboral persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social	2.696	1.635	1.061	340	1.273	1.082
Creación de centros especiais de emprego	23	15	8	9	10	4
Mantemento de centros especiais de emprego	1.950	1.177	773	176	907	867
Unidades de apoio	307	194	113	76	155	76
Contratación de persoas discapacitadas en empresas ordinarias	323	185	138	47	156	119
Emprego con apoio no mercado ordinario	60	36	24	30	24	6
Incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL)	33	28	5	2	21	10
Total	8.949	4.918	4.031	2.855	3.906	2.187

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

2.2.20.

os 5 e 1,1 millóns de euros, respectivamente (**cadro 2.2.19.**).

Promoción do emprego

As políticas activas de promoción do emprego inclúen os incentivos á contratación por conta allea, os programas de incentivos á contratación das persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, os programas de inserción laboral das persoas con discapacidade, as iniciativas emprendedoras xeradoras de emprego e dinamizadoras do contorno local e rural.

● Fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral

O número de traballadores beneficiarios deste tipo de programas foi de 3.177 persoas, (1.559 foron mulleres e 1.618 homes) das que 1.073 teñen idades comprendidas entre 31 e 44 anos, e 1.559 beneficiarios teñen menos de trinta anos. O número de empresas beneficiarias destas axudas ascendeu a 2.437.

Dentro destas actuacións salientan o programa de fomento da contratación indefinida, que afectan a 1.237 traballadores,

seguido polo programa de fomento da transformación de contratos temporais en indefinidos, do que se beneficiaron un total de 1.096 traballadores.

● Fomento do autoemprego e do traballo autónomo

O número total de traballadores beneficiarios dos programas de fomento do autoemprego e do traballo autónomo recollidos no **cadro 2.2.20.** ascendeu en 2014 a 3.076 beneficiarios dos que 1.665 son homes e 1.411 mulleres.

En canto ao número de traballadores beneficiarios se refire, o programa máis importante foi o de promoción do emprego autónomo, no que un total 2.591 desempregados que se constituíron como autónomos percibiron axudas. Atendendo á súa desagregación segundo idades, o **cadro 2.2.20.** mostra que o 49% das persoas beneficiarias teñen entre 31 e 44 anos.

● Integración laboral de persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social

Un total de 2.696 persoas con discapacidade





e/ou risco de exclusión social beneficiáronse das axudas deste programa de integración laboral ao longo de 2014. A súa meirande parte o fixo mediante o programa dirixido ao mantemento destes traballadores nos centros especiais de emprego (1.950 persoas). Atendendo á súa desagregación por idades, o 47% dos beneficiarios tiñan entre 31 e 44 anos (1.273 persoas) e un 40% (1.082 persoas) máis de 45 anos. □



